

## **CIRCULAR 72-2017**

- A todas as Delegacións (\*)
  - A todos os assembleistas
  - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

### **CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLTA POLOS NÚCLEOS OFICIAIS DE TECNIFICACIÓN DA FGA 2015/2016**

- Os Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)
- Os Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atletica (NITA)
- Os Núcleos Sectoriais Atléticos (NUSA)
- Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 2 (NIBA 2)
- Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 1 (NIBA 1)

Ábrese un prazo ata o 15 de xullo, para que todos aqueles núcleos de tecnificación recoñecidos oficialmente pola FGA na tempada 2015/16 remitan por correo ordinario toda a actividade desenvolta polo seu núcleo dende o día 1 de novembro do 2015 ata o día 31 de outubro do 2016.

Tódolos núcleos deben remitir a maior información posible sobre os distintos aspectos contemplados no Plan Galego de Tecnificación: concentracións, seguimento de atletas, reunións de sectores, competicións, colaboración ca FGA, xornadas técnicas, etc.; segundo o modelo do **anexo** desta circular. ([anexo excel](#))

Unha vez recibida toda a documentación, a Comisión de Valoración de Núcleos de Tecnificación, presidida pola Directora Técnica e composta por tres membros da Xunta Directiva e a Secretaria Xeral da FGA, baremará cada núcleo co fin de asinar a cuantía económica acadada. A Comisión non avaliará os apartados que non estén debidamente cumprimentados.

O representante do núcleo debe remitir por correo ordinario á FGA o modelo de certificado que se achega nesta circular e cada unha das follas do documento de Excel, asinadas individualmente e cubertas na súa totalidade.

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral Federación

A Coruña, 26 de xuño do 2017



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



### CERTIFICADO DO REPRESENTANTE DO NÚCLEO

D./ D<sup>a</sup>. ....., como responsable do Núcleo ..... da localidade ....., recoñecido oficialmente pola Xunta Directiva da FGA,

CERTIFICA

Que os datos do Núcleo presentados para a súa baremación por parte da FGA, correspondentes á tempada 2015/16, son verídicos, asumindo que a falsedade dos datos implicará a perda da cuantía económica a percibir.

Asdo.

O representante do núcleo

En .....a.....de.....do 2017

Nota: No caso de que o núcleo sufrise modificacións na súa composición técnica (adestradores, directivos, etc.) con respecto á presentada na tempada 2015/16 débese notificar á FGA.